



**DONA PILAR RODRIGUEZ DOMINGUEZ, SECRETARIA ACCIDENTAL DO  
CONCELLO DE PONTEAREAS.-**

**CERTIFICO.-**Que a Corporación Municipal en sesión celebrada o 30 de decembro de 2014 acordou:

**2.-PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE FACENDA DO 22-12-14 DE  
ADHESIÓN AO PUNTO XERAL DE ENTRADA DA ADMINISTRACIÓN  
CENTRAL DO ESTADO PARA A FACTURA ELECTRÓNICA.-**

Vista a proposta da concelleira de Facenda do 22-12-14 na que consta o o selo de intervido de conformidade do interventor de data 22-12-14.

Visto o dictame da comisión informativa de Facenda do 26-12-14.

.../...

En base ao exposto dase conta da proposta ,do teor:

**“ PROPOSTA**

**O PLENO DA CORPORACIÓN**

**ASUNTO: ADHESIÓN PUNTO DE ENTRADA DE FACTURAS  
ELECTRÓNICAS ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO.**

Tras a entrada en vigor da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable das facturas no sector público, instaurase a obrigación para provedores e entidades locais do uso xeralizado da factura electrónica, coas excepcións previstas en dita lei.

Os principais obxectivos que persigue esta norma son:

- Impulsar o uso da factura electrónica no sector público e privado, mediante a creación para cada unha das Administracións dun Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas para que os provedores poidan presentalas e electrónicamente cheguen o órgano administrativo e contable competente.
- Garantir un maior control contable das facturas por parte das Administracións Públicas, permitindo un mellor cumprimento dos prazos de pago das facturas, mellor control do gasto público e do déficit, así como unha mellora na loita contra o fraude.

A recepción das facturas no Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas terá os mesmos efectos que os que se deriven da presentación das mesmas nun rexistro administrativo, tal e como se establece no artigo 10.2



CONCELLO  
DE  
PONTEAREAS

(Pontevedra)

da Orde HAP/1074/2014, do 24 de xuño, pola que se regulan as condicións técnicas e funcionais que debe reuir o Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas. É dicir, o Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas terá o mesmo rango que o Rexistro Oficial de Entrada da Entidade Local e actuará como unha parte del.

Dende o 15 de xaneiro do 2015, estarán obrigados a facturar electrónicamente todos os provedores que teñan entregado bens ou prestado servizos a iste Concello e en concreto, tal e como dispon o artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público:

- Sociedades anónimas.
- Sociedades de responsabilidade limitada.
- Persoas xurídicas e entidades sin personalidade xurídica que carezcan da nacionalidade española.
- Establecementos permanentes e sucursales de entidades non residentes no territorio español nos termos que establece a normativa tributaria.
- Unions temporais de empresas.
- Agrupación de interés económico, Agrupación de interés económico europeo, Fondo de Pensións, Fondo de capital riesgo, Fondo de investimentos, Fondo de utilización de activos, Fondo de regularización do mercado hipotecario, Fondo de titulización hipotecaria ou Fondo de garantía de investimentos.

Unha vez implantado o Punto Xeral de Entrada das Facturas Electrónicas, deberá darselle publicidade para a súa difusión e coñecemento aos provedores, de acordo co establecido na Disposición Adicional 6ª da Lei 25/2013, de 27 de decembro, do impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable das facturas no Sector Público.

Isa publicidade, de acordo co disposto no artigo 8.3 da Orde HAP/1074/2014, de 24 de xuño, pola que se regulan as condicións técnicas e funcionais que debe reunir o Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas, se dará a través dos correspondentes Boletíns Oficiais.

En todo caso, en aras de dotar da máxima seguridade xurídica e difusión a iste punto de facturación electrónica, é recomendable efectuar a publicación, ademais na sección correspondente as Entidades locais do Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e na sede electrónica da Corporación.

Por outra banda, todas as facturas electrónicas que se remitan a Entidade local deberán incluír a codificación das unidades administrativas en termos del directorio DIR3 (oficina contable, órgano gestor e unidade tramitadora) establecida polo Ministerio de Facenda e Administracions Públicas, tal e como se establece na Disposición Adicional 3ª da Orde



CONCELLO  
DE  
PONTEAREAS

(Pontevedra)

HAP/492/2014, do 27 de marzo, pola que se regulan os requisitos funcionais e técnicos no rexistro contable de facturas das entidades do ámbito de aplicación da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

Os códigos DIR3 de esta Administración municipal, de acordo coa súa estrutura organizativa son:

- Código da oficina contable: Concello de Ponteareas
- Código do órgano xestor: Concello de Ponteareas.
- Código da unidade de tramitación: Concello de Ponteareas.

Os pregos de cláusulas administrativas de todos os concursos que publique iste Concello deberán conter esta codificación, que será indispensable para a remisión de todas as facturas electrónicas.

Corresponde o Pleno da Entidade Local, a adopción de acordo de aprobación da Adhesión o Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas, de conformidade co artigo 22.2.d) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Unha vez aprobado, deberá darselle publicidade para a súa difusión e coñecemento aos provedores, tal e como establece a Disposición adicional 6ª da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable das facturas no Sector Público.

Igualmente deberá remitirse o acordo de adhesión o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas polo medios telemáticos habilitados o efecto, de acordo coa Disposición Adicional 5ª da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable das facturas no Sector Público.

En base o que antecede sometese a consideración do Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro.-** Adherirse o Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración do Estado, FACe, cuxa recepción de facturas terá os mesmos efectos que os que se deriven da presentación das mesmas no rexistro administrativo.

**Segundo.-** Establecer que os códigos DIR3 de iste Concello, de acordo coa súa estrutura organizativa son:

- Código da oficina contable: L01360427
- Código do órgano xestor: L01360427
- Código da unidade de tramitación: L01360427



CONCELLO  
DE  
PONTEAREAS

(Pontevedra)

Istes códigos son indispensables para a remisión de todas as facturas electrónicas.

**Tercero.-** Remitir o acordo de adhesión o Punto de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Central FACe, para a sua difusión e coñecemento aos provedores, tal e como establece a Disposición adicional 6ª da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable das facturas no Sector Público, o Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e a sede electrónica do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas polo medios telemáticos habilitados o efecto”.-

.../...

**VOTACIÓN.-**Por unanimidade a favor dos membros presentes(14 votos a favor),8 do PP,1 do BNG,2 de ACIP,3 do PSOE),acordase:

**Primeiro.-**Adherirse o Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración do Estado, FACe, cuxa recepción de facturas terá os mesmos efectos que os que se deriven da presentación das mesmas no rexistro administrativo.

**Segundo.-** Establecer que os códigos DIR3 de iste Concello, de acordo coa sua estrutura organizativa son:

- Código da oficina contable: L01360427
- Código do órgano xestor: L01360427
- Código da unidade de tramitación: L01360427

Istes códigos son indispensables para a remisión de todas as facturas electrónicas.

**Tercero.-** Remitir o acordo de adhesión o Punto de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Central FACe, para a sua difusión e coñecemento aos provedores, tal e como establece a Disposición adicional 6ª da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable das facturas no Sector Público, o Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e a sede electrónica do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas polo medios telemáticos habilitados o efecto”.-

Para que conste e surta efectos,expido e asino a presente de orde e co visto e prace do Sr.Alcalde en Ponteareas a 12 de xaneiro de 2015.

Visto e Prace.

O Alcalde.